



Mércores, 18 de Marzo do 2009

Do 24 ao 27 de marzo no Edificio Miralles

A elite da investigación española en Ciencias da Terra reunirse en Vigo para presentar os resultados de 120 proxectos financiados polo Ministerio



Vilas é xestor do Plan Nacional de I+D

D. Besadío | Vigo

A elite da investigación española no ámbito das Ciencias da Terra reunirse a vindeira semana no campus de Vigo nas Xornadas de Seguimento de Proxectos de Investigación correspondentes á convocatoria de 2006 do Plan Nacional de I+D+i que están sendo subvencionados polo Ministerio de Ciencia e Innovación e que agora están a piques de pecharse.

Estas xornadas, que se celebran por primeira vez en Vigo, serven para realizar un seguimento dos proxectos de investigación por parte dos xestores do Plan Nacional de Investigación e, á súa vez, para presentar publicamente a todos os interesados (investigadores, técnicos, especialistas, empresarios...) o obxectivo e alcance destes proxectos e os logros alcanzados.

Do 24 ao 27 de marzo daranse explicacións no Edificio Miralles de 120 proxectos de investigación levados a cabo polas diferentes universidades españolas e centros de investigación públicos coma o CSIC ou o Instituto Xeolóxico e Mineiro.

Ao longo destas sesións o investigador principal de cada un dos proxectos dará explicacións de como foron avanzando os diferentes proxectos aprobados. "Comentará si se cumpriron ou non os obxectivos que se prevían, como se cubriron, que resultados se obtiveron, que incidencias puido haber...", apunta o catedrático vigués e organizador do encontro Federico Vilas, xestor do Plan Nacional de I+D neste ámbito.

Cada investigador disporá de 20 minutos para realizar a súa exposición ante un panel de expertos, alleos a esta convocatoria, que fará preguntas sobre como se solucionaron as diferentes incidencias que se puideron formular, "de xeito que todo o mundo estea ao tanto das diferentes vías de solución empregadas", explica Vilas, quen tamén subliña a importancia deste tipo de procedementos para poder establecer conclusións entre todos.

O ministerio organiza estas xornadas de seguimento para cada un dos programas que ten en marcha: enerxía e cambio climático, nanociencia, telecomunicacións, biotecnoloxía... "Son proxectos financiados con fondos públicos e, por tanto, hai que dar as conseguintes explicacións", apunta Federico Vilas que fai fincapé en sinalar que son xornadas abertas ao público.

Dos efectos dos incendios á prevención de aludes

A presentación e a apertura das xornadas correrá a cargo de Valentín González, xefe do Departamento Técnico de Medio Ambiente e Recursos Naturais do Ministerio de Ciencia e Innovación. Será o día 24 ás nove da mañá e, a partires de aí, iníciase unha axustada axenda coa exposición dos resultados de 25 proxectos en cada unha das xornadas.

O primeiro día participarán os investigadores que tiveron financiamento de proxectos de temas relacionados cos efectos de terremotos e tsunamis en zonas costeiras españolas, así como os que traballaron con riscos xeolóxicos, xeoloxía estrutural, sismicidade, vulcanismo...

O mércores presentaranse os proxectos centrados en temas de estratigrafía, cambios globais de ecosistemas en períodos xeolóxicos, patrimonio paleontolóxico ou evolución humana, mentres que o xoves se dedicará a cuestións relacionadas cos efectos dos incendios forestais sobre o solo, os sistemas de información cartográfica mediante imaxes de satélite, xeoquímica, mineraloxía...

A última xornada, o venres 27, está reservada para a presentación de traballos relacionados con temas xeomorfolóxicos do tipo de estudo dos glaciares, prevención de aludes, recursos hídricos...

Seis do proxectos que van presentar resultados durante estas xornadas contan con participación da Universidade de Vigo, caso por exemplo, da investigadora Luisa Andrade e o seu equipo que lideran un proxecto sobre solos e contaminación.

Tres anos como xestor do Plan Nacional de I+D

O profesor Federico Vilas leva tres anos como xestor do Plan Nacional de I+D en Ciencias da Terra e el foi o que propuxo celebrar o encontro en Vigo, xa que o xestor de cada un dos ámbitos é o que ten a potestade para decidir o lugar no que se celebran as xornadas de seguimento.

"Para min Vigo era a mellor opción", salienta o profesor, un dos fundadores do Departamento de Xeoxencias Mariñas e Ordenación do Territorio e membro tamén da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais.

Como xestor do plan, o seu principal cometido consiste en coordinar as actividades científicas que precisan os proxectos durante o proceso de avaliación, no cal se establece a proposta á Dirección Xeral de Investigación de si é viable para ser financiado ou non. "Falamos de fondos públicos e de moito diñeiro na maior parte dos casos", recalca o investigador que tamén fora un dos principais impulsores da creación na cidade da Oficina de Coordinación contra Vertidos Mariños.